

Campaña de solidariedade co pobo kurdo e a esquerda turca e por un NON ao referendo de cambio Constitucional en Turquía

Debido ao alarmante estado de represión política e social no que se atopa o Estado turco e ás repetidas prácticas antidemocráticas que está impondo o goberno do AKP contra partidos políticos, organizacións sociais e individualidades civís que se opoñen á viraxe autoritaria e belicosa do seu goberno, desexamos lanzar unha campaña de información e solidariedade coas vítimas desta ditadura encuberta e contra a guerra que está levando o réxime de Erdogan contra o pobo kurdo e a esquerda turca.

O "Informe sobre violación de Dereitos Humanos na rexión leste e sueste de Anatolia" redactado pola Asoc. de Dereitos Humanos (Insan Haklari Dernegi) resalta a crecente escalada de violencia no sueste de Anatolia desde xullo do 2015, que coincide coa perda da maioría absoluta do partido AKP nas eleccións de xuño do 2015 [1] e co aumento da actividade dos movementos civís na rexión. Dita escalada de violencia e represión foi recrudecida desde o fallido golpe de Estado do 15 de xullo do 2016, sostida legalmente por un estado de excepción que cumpre xa 7 meses de duración e que facilita a sistemática violación dos Dereitos Humanos (encarceramentos, arrestos masivos, torturas, asasinatos, desaparicións, maltratos de civís) mantendo ao país nunha incerteza política e social.

Segundo os datos do informe no pasado ano 2016 a asociación rexistrou 1.757 civís mortos e 2.096 feridos graves, 8.574 casos de civís arrestados dos cais 190 eran menores de idade. Os arrestos producidos tralo golpe de estado están suxeitos ao Estado de Emerxencia o cal permite as detencións de ata 1 mes de duración, sen a obriga de comunicar ao detido os motivos do seu arresto e sen a obriga de comunicar aos seus familiares e avogados o lugar do seu encerro. Así mesmo rexistráronse 647 casos de tortura e maltrato, 1.103 violacións de dereitos humanos nas prisións e alomenos medio millón de persoas foran vítimas de desprazamentos forzosos debido aos toques de queda proclamados en barrios e aldeas do sueste de Anatolia [2].

Coa excusa do fallido golpe de estado o aparato represivo gubernamental levou a cabo masivas purgas contra todos aqueles que se opoñen á ideoloxía e práctica política do goberno de Erdogan. O resultado foi a expulsión de 130.000 funcionarios e persoal da administración pública [3], os cais non só quedaron en paro senón que se enfrontan a xuízos penais por suposta complicidade co golpe de estado. Estas purgas afectaron de maneira especialmente dura ao sistema educativo coa expulsión de 5.000 profesores e académicos, aos cais ademais se lles retirou o pasaporte. A libre expresión da prensa tamén está sendo atacada sistemáticamente co encarceramento de máis de 140 periodistas e o peche de varias decenas de medios.

A represión foi descaradamente dirixida á oposición política parlamentaria representada polo partido HDP (Partido Democrático dos Pobos) con graves consecuencias para o sistema democrático do país. Máis de 3.000 membros e cargos políticos do HDP foron encarcerados, aos que hai que engadir miles de detidos e procesados por ser simpatizantes [4]. Dos 3.000 encarcerados, máis de 80 persoas son co-alcaldes dos distintos concellos e 12 son parlamentarios, todos eles cargos elexidos polo pobo a través do sistema de eleccións democráticas. A estes últimos retirouselles a inmunidade parlamentaria propia do seu cargo,

a través dunha sentenza claramente anti-constitucional da Corte de Casación o pasado 22 de setembro do 2016. Denunciamos tamén o encarceramento dos 2 co-presidentes do Partido, Selahati Demirtas (5 meses de prisión) e Figen Yüksekova (10 meses de prisión) ambos cabezas de partido, ademais á co-presidenta revocóuselle do seu cargo parlamentario alegando suposta "propaganda terrorista", unha sentenza claramente anticonstitucional e antidemocrática [5].

Dita represión ao partido HDP non é casual nin arbitraria, posto que o partido declarou a súa intención de facer campaña polo NON ao cambio constitucional, que transformaría o sistema parlamentario turco nun sistema presidencialista e que será sometido a votación o próximo 16 de abril nun referendo. Este cambio constitucional trae consigo un detrimento do sistema democrático, dando amplos poderes ao Presidente da República, facendo desaparecer a figura do Primeiro Ministro e substituíndoa por un ou varios Vicepresidentes. Entre os poderes que alcanzaría o presidente estarían o de ter o poder executivo nas súas mans, nomear e revocar ministros, promulgar decretos, declarar o estado de emerxencia, ter a posibilidade de liderar un partido político, o poder de suspender unilateralmente ao Parlamento electo e o dereito a elexir un terzo dos membros do Tribunal Constitucional, máximo órgano de xustiza do Estado. Ademais as asociacións xudiciais perderían a potestade de elexir a parte dos membros do Consello Supremo. Así mesmo Erdogan, actual presidente de la República turca, tras 12 anos no poder (primeiro como primeiro ministro e desde 2014 como presidente da República), podería manterse no poder un máximo de 10 anos máis contando a partir do seu fin de mandato en 2019.

A campaña pública polo NON ao referendo foi brutalmente atacada como vemos coa represión sufrida por activistas e representantes políticos opostos ao cambio constitucional. As organizacións temen unha manipulación das votacións no referendo que se celebrará o próximo 16 de abril polo que o HDP fai un chamamento a avogados, activistas, políticos e individualidades que desexen participar como observadores internacionais para asegurar a transparencia da votación. [6]

Por todo o antes exposto:

- Esiximos a liberdade dos presos políticos en Turquía, o respecto dos Dereitos Humanos, a fin das torturas sistemáticas a persoas presas así como a fin da dispersión de presos.
- Esiximos a readmisión de tódalas persoas expulsadas dos seus postos de traballo e que unha comisión internacional asegure xuízos imparciais e xustos.
- Declaramos públicamente o noso apoio ás organizacións que están a favor da democracia e a paz entre nacións dentro do estado turco (HDP, BDP, TJA, DTK)
- Declaramos públicamente o noso apoio á campaña polo NON ao referendo do cambio consitucional, posto que a súa aprobación convertería o actual réxime autoritario nunha ditadura de facto.

Así mesmo esiximos que ata que haxa cambios de mellora no sistema democrático e cese a brutal violencia contra a oposición en Turquía, o goberno do Estado Español, así como tódolos partidos políticos e organizacións, poñan fin ás relacións diplomáticas e comerciais

co goberno turco e expresen públicamente o seu rechazo ás políticas represivas e anti-democráticas que está a realizar o partido conservador AKP coa axuda do partido ultranacionalista MHP, pois esta hipócrita Europa échese a boca falando de democracia cando consinten e apoian a gobernos que teñen prácticas claramente dictatoriais con tal de gardar as súas fronteiras e continuar cos seus lucrativos negocios mercantís, como é o caso do réxime de Erdogan en Turquía.

Chamamos a tódalas organizacións, colectivos e individualidades a que se solidaricen co pobo kurdo e a esquerda turca, difundindo contra a deriva autoritaria e as violacións sistemáticas dos Dereitos Humanos que se están perpetrando no estado turco e das que está sendo cómplice a UE a través de tratados comerciais e co peche de fronteiras que deixan nun país perigoso e hostil a miles de refuxiados que fuxen da guerra e a miseria. Por unha resistencia global contra o autoritarismo e o capitalismo.

¡Viva a Resistencia dos Pobos! ¡Viva a Solidariedade Internacionalista!

Referencias do documento:

[1] - Ditas eleccións foron anuladas debido á imposibilidade de chegar a un acordo entre os partidos políticos para formar goberno, repetíndose as eleccións xerais o 1 de novembro do 2015.

[2] - Toques de queda no sueste de Anatolia

<https://rojavaazadimadrid.wordpress.com/2016/01/01/toques-de-queda-operaciones-militares-y-resistencia-el-este-de-turquia-bajo-asedio-ante-la-rebelion-de-la-juventud-kurda/>

[3] - AKP Government Widens Purges in Universities by Decree Laws.pdf

[4] - The ongoing unlawful state practices against the HDP.pdf

[5] - Revocation of HDP Co-chair Ms. Yüksekdağ's parliamentary membership is unacceptable.pdf

[6] - HDP - Invitation for Observing the Referendum.pdf

Documentación complementaria:

- Huger Strike Prison 2017 (Spanish Version) by KNK (Kurdish National Congress)

- Turkey Report by International Amnesty <https://www.amnesty.org/en/countries/europe-and-central-asia/turkey/report-turkey/>